



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5^a-6^o
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS PARA INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA NOS PORTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA - PROVINCIA DE PONTEVEDRA

ÍNDICE:

CAPÍTULO I DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

ANEXOS:

I - PREGO DE CONDICIÓNS DAS AUTORIZACIÓNS

II - MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN

III – MODELO DE ORDEN DE DOMICILIACIÓN BANCARIA



PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS PARA INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA NOS PORTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA - PROVINCIA DE PONTEVEDRA

CAPÍTULO I

DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

1.- PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

O obxecto da presente convocatoria pública é a apertura dun prazo de presentación de solicitudes de autorización para á instalación de terrazas de hostalería nos portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia- Provincia de Pontevedra.

2.- TIPOS DE AUTORIZACIÓNS E TARIFAS A SATISFACER POLOS ADXUDICATARIOS

A presente convocatoria ábrese unicamente para particulares ou empresas dedicados ó negocio da hostalería. Os interesados que non dispoñan dun local de hostalería **anexo** a superficie solicitada non poderán obter autorización para a instalación de terrazas.

As autorizacións que se emitan ó abeiro desta Convocatoria poderán outorgarse por un período máximo dun ano improrrogable, podendo adxudicarse asemade por un período inferior continuado, en ningún caso por períodos discontinuos.

O adxudicatario deberá abonar as Tarifas portuarias vixentes en cada momento, na actualidade a Tarifa E-2 por ocupación de superficie e a tarifa ACIS polo exercicio dunha actividade comercial, de entre as contempladas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e que, en función do porto e da época do ano, son as seguintes:

INTENSIDADE DA ACTIVIDADE	TEMPADA 2009		
	Alta	Media	Baixa
Alta	1,18 €	0,90	0,59
Media	1,00 €	0,74	0,50
Baixa	0,75 €	0,57	0,39

- Estes importes son por mesa e día o fracción autorizada.

Se considerarán tempada alta os meses de xullo e agosto, tempada media os meses de xuño e setembro e tempada baixa os restantes meses do ano.

Se considerará que a intensidade da actividade é alta cando se desenvolva nos portos de: Carril, O Xufre, Vilanova, Cambados, O Grove, San Vicente, Portonovo, Sanxenxo, Combarro, Pontevedra, Bueu, Cangas, Moaña, Baiona, A Guarda.

Se considerará que a intensidade da actividade é media cando se desenvolva nos portos de: Meloxo, Meira, Aldán e Panxón.

Se considerará que a intensidade da actividade é baixa cando se desenvolva nos restantes portos e instalacións non contemplados nos parágrafos anteriores

Estas tarifas serán obxecto de revisión segundo o disposto na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano que corresponda.



Para o abono das tarifas terase en conta a superficie e a actividade autorizados, non podendo o adxudicatario solicitar reducións no importe das liquidacións alegando unha ocupación, unha actividade, ou un tempo de ocupación inferior, con independencia das causas que motiven esa diminución. Neste senso, as autorizacións outorgaranse para a ocupación dunha superficie concreta, durante un período de tempo tamén concreto, non existindo a posibilidade de solicitar superficies diferentes por tramos temporais.

3.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

3.1.- As persoas ou entidades que desexen solicitar as autorizacións para a instalación de terrazas de hostalería, obxecto deste prego, deberán dirixir ó Ente Público Portos de Galicia unha solicitude conforme ó modelo que se incorpora a este Prego como Anexo II, acompañadas da documentación que se sinala a continuación. As solicitudes, acompañadas de dita documentación, presentaranse no Rexistro da Zona Sur de Portos de Galicia, ou na forma indicada no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pero en todo caso deberá acreditarse a data e hora de presentación da solicitude.

A data de inicio do prazo de presentación de solicitudes indicárase no anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia.

3.2.- Xunto coa solicitude, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Plano de situación do local de hostalería, e da superficie **CONTIGUA** que se solicita.
- Copia do CIF (no caso das persoas xurídicas) / DNI (no caso das persoas físicas)
- Certificado vixente de non ter débedas coa CC.AA., emitido pola Consellería de Economía e Facenda.
- Impreso cuberto para a domiciliación bancaria das tarifas portuarias con selo do banco ou caixa correspondente, segundo modelo do Anexo III.

So serán tidas en conta as solicitudes que dentro do prazo establecido no anuncio da convocatoria sexan presentadas na forma e cos requisitos esixidos nesta cláusula.

4.- SELECCIÓN DOS ADXUDICATARIOS

Non existirá orde de prioridade na selección e adxudicación das autorizacións. Tódolos interesados optarán por igual ó outorgamento dunha autorización no espazo anexo ó seu local inmovible, xa sexa en calidade de propietarios ou arrendatarios do mesmo.

5.- ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

Á vista das solicitudes presentadas e dos criterios propios da axeitada explotación do dominio público, Portos de Galicia adxudicará as correspondentes autorizacións para a instalación de terrazas de hostalería, previos ós trámites que procedan. Asemade, no intre en que Portos de Galicia adxudique as mesmas, procederase á liquidación con cargo en conta das taxas portuarias correspondentes segundo o disposto na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Rematado o prazo disposto, segundo anuncio publicado no DOG, para a presentación de solicitudes sen ter presentada a documentación requirida, non se posibilitará a opción dunha autorización posterior, polo que calquera ocupación non autorizada será sancionada conforme á Lei 27/1992 de Portos do Estado e da Mariña Mercante e facturada conforme á Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.- POSTA A DISPOSICIÓN DA SUPERFICIE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5^a-6^º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



As superficie porase a disposición dos titulares no intre en que sexa outorgada a autorización correspondente.

O Ente Público resérvase a potestade de distribución de espazo para garantir o adecuado desenvolvemento das actividades portuarias e en evitación de perxuizos a terceiros. De observarse confluencia de solicitudes espacialmente, a distribución da superficie virá determinada pola localización e a lonxitude de fachada do local de hostalería, sendo en toda caso facultade discrecional desta Administración a definición última e obxectiva das separacións, e garantindo en todo caso o principio de igualdade no outorgamento das correspondentes autorizacións cando as solicitudes deban ser desestimadas, en todo ou en parte, se o espazo posto a disposición deste uso non é suficiente para cubrir a demanda.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2009

O director

José Ignacio Villar García